



INFORME DE AUDITORÍA DE CONTAS ANUAIS

Aos socios da "Federación Galega Caza" por encargo da súa Xunta Directiva:

1. Temos auditado as contas anuais de PYMES da "**Federación Galega de Caza**" que comprenden o balance ao 31 de decembro de 2013, a conta de resultados o estado de cambios no patrimonio e a memoria correspondentes ao exercicio anual rematado en dita data. Os membros da Xunta Directiva son responsables da formulación das contas anuais da Federación, de acordo co marco normativo de información financeira aplicable á entidade (que se identifica na Nota 2 da memoria adxunta) e, en particular, cos principios e criterios contables contidos no mesmo. A nosa responsabilidade é expresar unha opinión sobre as citadas contas anuais no seu conxunto, baseada no traballo realizado de acordo coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España, que require o exame, mediante a realización de probas selectivas, da evidencia xustificativa das contas anuais e a avaliación de se a súa presentación, os principios e criterios contables utilizados e as estimacións realizadas, están de acordo co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación.
2. Na nosa opinión, as contas anuais do exercicio 2013 adxuntas expresan, en tódolos aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da "**Federación Galega de Caza**" ao 31 de decembro de 2013, así como dos resultados das súas operacións correspondentes ao exercicio anual rematado en dita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación e, en particular, cos principios e criterios contables contidos no mesmo.
3. Sen que afecte á nosa opinión, chamamos a atención respecto a que as contas anuais correspondentes ao exercicio 2012 non foron auditadas, por non estar obrigados a facelo.

Auditora Galega de Contas, S.L.P.

Inscrita en el R.O.A.C., nº: S1920



Miembro ejerciente:
**AUDITORA GALEGA DE
CONTAS, S.L.P.**

Año 2014 Nº 04/14/00557
COPIA GRATUITA

Informe sujeto a la tasa establecida en el artículo 44 del texto refundido de la Ley de Auditoría de Cuentas, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/2011, de 1 de julio

Asdo.: Alfonso Núñez Coello.

Santiago de Compostela, 28 de Mayo de 2014